

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O DÍA 04 DE MAIO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA E CINCO MINUTOS** do día **CATRO DE MAIO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D<sup>o</sup> MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D<sup>o</sup> MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D<sup>o</sup> ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D<sup>o</sup> KLAUS BREY MONTAÑA** e do Secretario acctal (Decreto 03.05.12) da Corporación **DON DAVID GARCIA LAREO**, que suscribe e da fe.

**Interventora do Concello:** Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:**


Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:

**1.- Servizo de Axuda no Fogar.**

Dase conta da solicitude de María del Carmen Carballo Silva, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 02 de maio de 2012, de aprobación da baixa no SAF de:

<b>Nome a Apelido</b>	<b>Enderezo</b>	<b>Motivo da baixa</b>
<b>María del Carmen Delia Casal</b>	Saidres, 6	Traslado do domicilio habitual ao Concello A Estrada

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos membros presentes, acorda a aprobación desta baixa.



**2.- Licencia de obra e provisional de actividade de Isabel Noya Fernández.**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> ISABEL NOYA FERNÁNDEZ, mediante escrito de data 02 de agosto de 2011 (Rexistro de Entrada nº 3268 de data 02.08.11), solicitando Licencia de obra e actividade para acondicionamento dun local existente para destinar a cafetería, a situar na rúa Trasdeza, nº 50 baixo (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico D<sup>o</sup> José Pereiras Sánchez, visado polo Colexio Oficial en data 30 de xuño de 2011.

RESULTANDO: Que con data 02 de maio de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 02 de maio de 2012.

RESULTANDO: Que con data 02 de maio de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico favorable no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	<i>Isabel Noya Fernández</i>
<i>Data da rexistro</i>	<i>2/8/2011</i> <i>Nº 3268</i> <i>Data escrito</i> <i>2/8/2011</i>
<i>Obra</i>	<i>Acondicionamento dun local existente para destinar a cafetería</i>
<i>Tipo de obra</i>	<i>Obra e actividade</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Rúa Trasdeza, nº 50, baixo. Silleda</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>n/d</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>José Pereiras Sánchez, Arquitecto Técnico Colexiado PR-210</i>
<i>Proxecto</i>	<i>De Actividade Visado polo Colexio Oficial O 30/06/2011</i>
<i>Dirección de Obra</i>	
<i>Oficio de Dirección</i>	
<i>Dirección de Execución</i>	<i>José Pereiras Sánchez, Arquitecto Técnico Colexiado PR-210</i>

Oficio Direc. Execución	<b>Visado polo Colexio Oficial o 27/07/2011</b>	
Exposición pública	<b>non</b>	BOP
		DOGA
		Prensa
Orzamento (P.E.M.)	<b>8.956,34 €</b>	

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- 1.1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*
- 1.6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002*
- 1.7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*
- 1.8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 1.9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 1.10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 1.11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 1.12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*
- 1.13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*
- 1.14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
- 1.15.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
- 1.15.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*
- 1.15.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995*
- 1.15.4 *M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995*
- 1.15.5 *M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002*
- 1.15.6 *M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o*

07/03/2002

1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002

1.15.8 P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981

1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002

1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007

1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984

1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984

1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984

1.16 Concordantes

#### **ANTECEDENTES:**

1. O día 2 de agosto de 2011, Isabel Noya Fernández, presenta solicitude de licenza municipal de obra e actividade para o acondicionamento de local existente para adicalo a cafetería, có nº de R.E. 3268 de 2 de agosto de 2011. Aporta dúas copias de proxecto de actividade asinado polo arquitecto técnico José Pereiras Sánchez e visado o día 30 de xuño de 2011 polo COAAT. Asimesmo aporta copia do oficio de dirección de execución da obra a cargo do técnico redactor do proxecto e visado polo mesmo colexio o día 27 de xullo de 2011.

#### **INFORME TÉCNICO:**

2. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo urbano**. Ordenanza: **Edificación Cerrada E.C.**

3. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbáns, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art. 16 LOUGA.

4. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria, é o seguinte:

"1.4. (...) La actividad del local es la de CAFETERÍA.

En el presente local se realizará la venta al por menor de productos, tales como, café, infusiones, refrescos, cervezas, licores sin alcohol, bebidas alcohólicas, (coñac, whisky, vino, licores, ginebras, ron, etc.), estando prohibida la venta de bebidas alcohólicas a menores de 18 años; dichos productos serán suministrados al mismo por proveedores autorizados."

5. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **recreativo de relación**: "ART. 139.- DEFINICION: Comprende los lugares cerrados o abiertos, cuya finalidad principal es la de cobijar actividades de vida social o de relación entre los individuos,

*comprendidos por tanto, cafés, restaurantes, salones de baile y similares. No artigo 140 defínese como grao terceiro o seguinte: "3º.- Locales Pequeños.- Todos los usos anteriores hasta 250 m2 de superficie total." (...). **Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o PXOM vixente, segundo o art. 18 do mesmo: Usos admitidos: (...) Recreativo de relación: todos los grados"**.*

*6. Canto á tramitación ambiental, o Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, non menciona aos albergues no Anexo III "Actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental". Neste caso, segundo o art. 2 "(...) estarán sometidas a este procedemento aquelas outras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas, consonte as definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia". **Polo tanto, propónse dar traslado dunha copia do expediente ao Servizo de Avaliación Ambiental da Consellería de M.A.T.I. a fin de que se pronuncie sobre a necesidade ou non do procedemento de Avaliación Ambiental.***


*7. Canto á tramitación ambiental, esta actividade encádrase dentro do Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, no **Anexo III, actividades excluídas** do procedemento de avaliación ambiental, punto "4.1. Actividades de ocio e entretemento e de restauración previstas no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 292/2004, do 18 de novembro."*

*8. No nomeado Decreto 292, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia esta actividade figura como:*

*"-2.7.3. Cafeteria: son os establecementos definidos así pola normativa de turismo. Consta das seguintes subcategorías:*

*-2.7.3.1. Cafés-teatro, cafés-concerto, cafés- cantante: establecementos en que se desenvolve a actividade de cafetería nos termos previstos neste catálogo xunto con actuacións teatrais, de variedades ou musicais en directo, sen pista de baile para o público, podendo ou non dispor de escenario e camerinos, e en que se ofrece servizo de bebidas. Está prohibido que nestes locais se celebren bailes. O horario neste establecemento será o da actividade principal que é a de restauración.*

*-2.7.3.2. Locais de restauración con horario especial en función do persoal ao que van dedicados: son aqueles centros de restauración situados en aeroportos, portos, hoteis, polígonos industriais e, en xeral, en zonas delimitadas territorialmente que estean dedicados a satisfacer as necesidades dos usuarios e profesionais das actividades e empresas situadas nese territorio delimitado, sempre que neles se*



*ofreza exclusivamente bebidas e alimentos para o consumo inmediato, sen que en ningún caso poidan dispoñer de espazos para a celebración de bailes, medios de reprodución de música de ningún tipo, ou acceso de outras persoas alleas á actividade principal.*

9. *Canto á ocupación do local, no apartado 6.4.2 da memoria "Cálculo de la ocupación" obténse unha ocupación de 49 persoas. Esta capacidade deberáse facer constar no contido da licenza municipal de obra e actividade, segundo establece o art. 5 do Decreto 292/2004.*

10. *O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.***

11. *O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de **Accesibilidade de Galicia**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.*

12. *O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.*

13. *De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica .*

14. *Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **non se observa a necesidade de someter o expediente á autorizacións doutros organismos.***

**Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade.**

**A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, non podendo començar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza.

### 3.- Licencia de obra e provisional de actividade de Alejandro Caramés Fondevila.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>o</sup> ALEJANDRO CARAMÉS FONDEVILA, mediante escrito de data 24 de agosto de 2011 (Rexistro de Entrada nº 3524 de data 24.08.11), solicitando Licencia de obra e actividade para acondicionamento de local existente para destinar a venda polo miúdo de recambios de automóbil., a situar na rúa Carballeira do Chousiño (antiga rúa D), nº 9 baixo (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico D<sup>o</sup> José Pereiras Sánchez, visado polo Colexio Oficial en data 17 de abril de 2011.

RESULTANDO: Que con data 02 de maio de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 02 de maio de 2012.

RESULTANDO: Que con data 02 de maio de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico favorable no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	<i>Alejandro Caramés Fondevila</i>
<i>Data da rexistro</i>	<i>24/08/2011</i> <i>Nº 3524</i> <i>Data escrito</i> <i>24/08/2011</i>
<i>Obra</i>	<i>Acondicionamento de local existente para destinar a venda polo miúdo de recambios de automóbil.</i>
<i>Tipo de obra</i>	<i>Obra e Actividade</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Rúa Tcarballeira do Chousiño (antiga rúa D), nº 9, baixo. Silleda</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>2175119NH6227N0004EB</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>José Pereiras Sánchez, Arquitecto Técnico col. 210</i>
<i>Proxecto</i>	<i>Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial o día 17/4/2011</i>
<i>Dirección de Obra</i>	<i>n/d</i>

Oficio de Dirección	<b>Sen visar (Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio)</b>	
Dirección de Execución	<b>José Pereiras Sánchez, Arquitecto Técnico col. 210 o día 24/8/2011</b>	
Oficio Direc. Execución	<b>Visado polo Colexio Oficial</b>	
Exposición pública	<b>non</b>	BOP
		DOGA
		Prensa
Orzamento (P.E.M.)	<b>5.572,21 €</b>	

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- 1.1 *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*  
1.2 *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*  
1.3 *Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*  
1.4 *Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*  
1.5 *Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urgentes en vivenda e solo.*  
1.6 *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002*  
1.7 *Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.*  
1.8 *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*  
1.9 *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*  
1.10 *Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.*  
1.11 *Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*  
1.12 *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.*  
1.13 *Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia*  
1.14 *R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 1.15 **Planeamento do Concello de Silleda**  
1.15.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*  
1.15.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991*  
1.15.3 *M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o*



11/05/1995

1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995

1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002

1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002

1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002

1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981

1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002

1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007

1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984

1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984

1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984

#### 1.16 Concordantes

#### ANTECEDENTES:

1. O día 24 de agosto de 2011, R.E. 3524, Alejandro Caramés Fondevila presenta solicitude, asinada o 24 de agosto de 2011, de licencia municipal de obra e actividade, para acondicionamento de local para destinalo a venda polo miúdo de recambios de automóbil. Aporta duas copias de proxecto de actividade asinadas polo arquitecto técnico José Pereiras Sánchez (col. 210) visados polo Colexio Oficial de Aparelladores o día 17 de agosto de 2011; así como oficio de dirección de execución das obras a cargo do técnico redactor do proxecto e visado o día 24 de agosto de 2011.

2. O día 10 de abril de 2012, este arquitecto emite informe técnico no que se informa favorablemente a solicitude, no que propón, no punto 10, dar traslado dunha copia do expediente ao "Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se pronuncie sobre a necesariedade do procedemento de Avaliación de Incidencia Ambiental".

3. O día 23 de abril de 2012, o mencionado servizo, emite informe segundo o que "Á vista do informe do servizo de calidade e avaliación ambiental, o xefe territorial do departamento territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas RESOLVE: que a actividade de LOCAL PARA VENDA POLO MIÚDO DE RECAMBIOS DO AUTOMÓBIL solicitada por ALEJANDRO CARAMÉS FONDEVILA non estará sometida ao procedemento de incidencia ambiental regulado polo Decreto 133/2008 de 12 de Xuño", informe que tivo entrada neste Concello o día 27 de abril de 2012, nº 2341.

#### INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo urbano. Ordenanza Edificación Cerrada**.

5. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria (punto 1.4), é o seguinte:

*"La actividad del local es la de venta al por menor de recambios del automóvil. (...) En el presente local se realizará la venta al por menor de productos, tales como, tornillería, tubos de escape, juntas rodamientos, abrazaderas, filtros de aire, gasóleo, aceite, collarines, asientos, retenes, espejos, y demás accesorios para tractores y maquinaria agrícola; dichos productos serán suministrados al mismo por proveedores autorizados, y colocados en las distintas estanterías del local. Los productos a comercializar se venderán al por menor debidamente precintados y sellados, con lo que, no se producirá en el presente establecimiento ningún tipo de residuos."*

6. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **comercial**: **"ART. 118.- DEFINICION: 1.- Se define como Uso Comercial el correspondiente a edificios de servicio directo al público destinados a la compra-venta o permuta de mercancías de todas clases, incluído el almacenamiento de las mismas. (...). Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o PXOM vixente, segundo o art. 18 do mesmo "Comercial: todos los grados"**.

6.1 Canto á tramitación ambiental, o Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, non menciona o comercio polo miúdo de recambios de automóbil no Anexo III "Actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental". Porén, o punto 3 do mesmo anexo III, literalmente, indica: "3. Comercio polo miúdo, excepto o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparellos domésticos, sempre que a potencia mecánica instalada non supere os 15 kW e a súa superficie non supere os 400 m<sup>2</sup>:", segundo o que se exceptiona só o comercio de vehículos, sem mencionar os seus repostos. Neste caso, segundo o art. 2 "(...) estarán sometidas a este procedemento aquelas outras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas, consonte as definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia". Enviada consulta ao Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, obtívose a resposta relacionada no punto 3 dos antecedentes deste informe, na que se conclúe que **a actividade non está sometida ao procedemento de**



*avaliación de incidencia ambiental.*

7. *O proxecto presentado non contradí os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.*

8. *O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.*

9. *O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.*

10. *De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica .*

11. *Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, puntos, a xuízo deste arquitecto, tramitada a consulta ao Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas., mencionadas nos puntos 2 e 3 dos antecedentes deste informe técnico, conclúese que non son precisas autorizacións sectoriais.*

**Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licenza municipal de obra e provisional de actividade.”**

A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, non podendo començar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza.

**4.- Licencia de actividade de Gil Cacheda María de la Paz S.L.N.A.**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes**

**acorda:**

Licencia N° 1256/09. Visto o expediente instruído a instancia de D° Ismael Blanco Couto en representación de GIL CACHEDA MARIA DE LA PAZ S.L.N.A., solicitando licencia de actividade para apertura de local para destinalo a venda ó por menor de artigos de ferretería, menaxe, regalo e reclamo, a situar na rúa Ramón de Valenzuela (antigamente rúa Iryda), n° 42 baixo de Bandeira (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 09 de outubro de 2009 acorda:

*“4.4.5.- Licencia N° 1256/09 Visto o expediente instruído a instancia de D° Ismael Blanco Couto, en representación de MARIA DE LA PAZ GIL CACHEDA, S.L.N.E., solicitando Licencia de actividade para acondicionamento dun local existente para destinar á venda ao por menor de artigos de ferretería, menaxe, regalo e reclamo, a situar na rúa Ramón de Valenzuela (antigamente rúa Iryda), n° 42 baixo de Bandeira (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto D° José Pereiras Sánchez. Visado polo colexio oficial correspondente en data 21 de maio de 2009.*

*RESULTANDO: Que a actividade está incluída no punto 3.3 do Anexo III (actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental) do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. Non parece posible encadrala no Anexo II “Criterios para determinar o sometemento ou non ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental das actividades sinaladas no artigo 2, punto 2”. Polo tanto, considérase que a actividade está excluída do procedemento de avaliación ambiental.*

*RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento e disposicións propostas non contradín o Plen Xeral de Ordenación Municipal vixente, según se aprecia do seu emprazamento no plano incluído no proxecto técnico.*

*CONSIDERANDO: Que o proxecto cumpre cós preceptos da Lei 8/1997 de Accesibilidade e Supresión de Barreiras, así como cón Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Esta Xunta de Goberno Local, visto o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, de data 28 de setembro de 2009,, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, condicionada a cumprir as medidas correctoras propostas en planos e memoria e a que a ubicación sexa a sinalada no proxecto, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o*

*interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.”*

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 03 de maio de 2012, asinada polo Arquitecto Colexiado nº 4236, Martín Pereiras Corzón e o titular da actividade, Ismael Blanco Couto (en representación de GIL CACHEDA MARIA DE LA PAZ S.L.N.A.), que literalmente dí:

**“ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS**

**Actividade:** *“Apertura de local para dedicalo a venta al por menor de artigos de ferretería, menaxe, regalo e reclamo, na Calle Iryda, nº 42 Baixo, Bandeira, Ayuntamiento de Silleda.”.*

**Calificación:** *Según escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (registro de entrada no Concello nº 2354 de data 22-Outubro-2009) a actividade califícase no punto 3.3 do Anexo III (actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental) do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. Polo tanto, considérase que a actividade está excluída do procedemento de avaliación ambiental*

**Certificación** *Según ESCRITO SOLICITANDO: “Que por parte de ese Concello se proceda a levantar Acta de Comprobación y sea expedida LICENCIA DE ACTIVIDAD DEFINITIVA”, e no que consta literalmente: “...de acordo con las especificaciones descritas en el proyecto de Acondicionamiento del Local para destinarlo a venta al por menor de productos de ferretería, menaxe, regalo e reclamo.” suscrito por, Don José Pereiras Sánchez, Arquitecto Técnico, de data 03-Xaneiro-2012, e con ENTRADA: Concello de SILLEDA:*

*Data: 09-Xaneiro-2012.*

*Núm. de registro: 99*

**Titular da actividade:** *GIL CACHEDA MARIA DE LA PAZ S.L.N.A. na súa representación Don Ismael Blanco Couto.*

*No termo municipal de SILLEDA, na Rúa Iryda, nº 42, baixo, Bandeira; Concello de Silleda, persónanse ás 18:30 horas do día 02-Maio-2012, o Arquitecto, D. Martín Pereiras Corzón, atopándose na Rúa Iryda, nº 42, baixo, Bandeira Concello de*

Silleda, en presenza de Don Ismael Blanco Couto, con D.N.I. 35.258.572-D, e efectua a visita de comprobación demandada polo interesado en data 03-Xaneiro-2012 e referida á licencia municipal nº 1256/09 según COMISIÓN DE GOBERNO do día 09-outubro-2009.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando ESCRITO SOLICITANDO VISITA DE INSPECCIÓN.

A continuación examinase si se adoptaron totalas medidas correctoras impostas na licencia e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que **SI** pode iniciarse a actividade de "Apertura de local para adicalo a venda polo miúdo de artigos de ferretería, menaxe, regalo y reclamo, na Rúa Iryda, nº 42 Baixo, Bandeira, Concello de Silleda"

**A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva (RAMINP) a GIL CACHEDA MARÍA DE LA PAZ S.L.N.A., para a actividade de local para adicalo a venda polo miúdo de artigos de ferretería, menaxe, regalo e reclamo, a situar na rúa Ramón de Valenzuela (antigamente rúa Iryda), nº 42 baixo de Bandeira (Silleda).**

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas, extendéndose a presente acta, do que como secretario acctal (Decreto 03.05.12), dou fe e certifico.

Silleda, a 04 de maio de 2012.

V. e. Prace  
A ALCALDESA,  
Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe e certifico secretario acctal.  
(Decreto 03.05.12)  
David García Lareo